

# Tras a pista da saramaganta (*Chioglossa lusitanica*) na Reserva da Biosfera Terras do Miño



Foto: Rafael Vázquez Graña

Foto: Asociación Corripa



# Introdución

Este documento vai acompañarte nesta expedición pola **Reserva da Biosfera de Terras do Miño**. Desde a **Asociación Corripa** queremos mostrar a importancia dos ecosistemas da Reserva e a necesidade de manter as actividades tradicionais para conservarlos. Os hábitats onde se atopa a **saramaganta** (*Chioglossa lusitanica*) están moi relacionados coa calidade das augas dos seus regatos. Queremos axuntar o traballo dos nosos antepasados cos esforzos de conservación desta especie. A vosa experiencia durante esta xornada poñerá un gran de area na conservación da saramaganta en Terras do Miño.

Nesta guía contarémosvos o que facemos na Asociación Corripa e na Asociación Galega de Custodia do Territorio, que é unha Reserva da Biosfera e coñeceremos algo máis á saramaganta: como é, a súa ecoloxía, o seu estado de conservación e os impactos que poden provocar o seu declive na Península Ibérica. Finalmente deixaremosvos algunhas referencias para que poidades coñecer con máis profundidade a este marabilloso anfibio.



Foto: Rafael Vázquez Graña




Foto: Asociación Corripa

# Asociación Corripa

Somos unha asociación constituída en xuño de 2018 e situada na aldea de Robledo, no municipio de Negueira de Muñiz (Lugo). Contamos cun equipo técnico con anos de experiencia tanto na educación ambiental como no medio natural en distintos proxectos a nivel estatal.

Tódalas actividades que realizamos van encamiñadas á posta en valor do medio rural e á conservación da biodiversidade, dando a coñecer as súas características e as ameazas que a poñen en perigo. Fomentamos a participación activa, a formación e o voluntariado ambiental porque cremos que son ferramentas clave para concienciar á sociedade da estreita relación que existe entre o ser humano e a natureza.

Estamos convencidos de que un desenvolvemento rural sostible é posible, e por iso cremos que os nosos proxectos e iniciativas deben ter un espírito integrador que aborde os diferentes retos aos que nos enfrentamos. Se queres coñecernos mellor, visita o noso Xardín de Polinizadores e a nosa web [www.asociacioncorripa.org](http://www.asociacioncorripa.org)



Foto: Juanjo Arrojo

# Asociación Galega de Custodia do Territorio

A Asociación Galega de Custodia do Territorio é unha entidade sen ánimo de lucro que traballa pola conservación da natureza e a biodiversidade en Galicia a través da custodia do territorio: unha ferramenta de participación activa que implica a propietarios, comunidades locais e administracións na defensa e coidado do patrimonio natural.

Dende o ano 2008 desenvolven proxectos de conservación e restauración en colaboración coas persoas que viven e traballan no medio rural, fomentando unha xestión sostible da terra, a recuperación de hábitats e a posta en valor da paisaxe, do solo e da cultura do territorio.

A súa sede atópase na Casa das Insuas, en Rábade (Lugo), un espazo de referencia para a educación ambiental, a investigación e a implicación cidadá na defensa do noso medio.

<https://custodiadoterritorio.org/>



Rede de Custodia Agraria  
da reserva da biosfera  
Terras do Miño

Asociación Galega de  
Custodia do Territorio



Foto: Asociación Galega de Custodia do Territorio

# Qué unha Reserva da Biosfera?


As Reservas da Biosfera son territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza.

Establécense sobre zonas ecoloxicamente representativas ou de valor único, en ambientes terrestres, costeiros e mariños, nas cales a integración da poboación humana e as súas actividades coa conservación son esenciais.

## Reservas da Biosfera de Lugo



Na provincia de Lugo, máis do 84% do seu territorio está declarado como Reserva da Biosfera e hai 4 Reservas:



Mapa: Elaboración propia de Luis Jiménez, Asociación Corripa

# Reserva da Biosfera Terras do Miño

Esta Reserva foi declarada no ano 2002 e foi a primeira das catro declaradas na provincia de Lugo. Ocupa gran parte da provincia de Lugo: case o 40% do seu territorio e 26 municipios.

A reserva atópase entre os 350 e 1200 m de altitude e están representados inmillorables exemplos de ecosistemas naturais e agrosistemas tradicionais representativos da rexión Atlántica Europea, como son fragas, insuas e queirogais. A Terra Chá ten paisaxes agrícolas de gran valor e humidais como a Lagoa de Cospeito, a Lagoa do Rei, as Lagoas de Riocaldo ou a Charca de Alligal, todas elas de gran importancia.

## Patrimonio natural

Os ecosistemas máis destacados están relacionados coa auga, bosques aluviais e de galería, así como humidais de montaña. A morfoloxía do terreo, xunto coas características hidrolóxicas e sedimentolóxicas, xeraron un sistema de humidais moi diverso.

Estas zonas húmidas están asociadas a pequenos acuíferos interconectados co sistema fluvial, o que implica a necesidade duns usos compatibles co mantemento dunha calidade de augas elevada para conservar unha rica a fauna e a flora, como é o caso da saramaganta.



# A saramaganta

A saramaganta (*Chioglossa lusitanica*) ten o corpo moi alongado, con cabeza aplanada e as extremidades curtas. Pode alcanzar un tamaño ao redor dos 16 cm de longo e a súa cola é especialmente longa.

Ten unha pel lisa e brillante de cor parda escura a negro e con dúas bandas cobrizas por todo o corpo, que se unen na cola (Vences, 2014).



Os ovos teñen un diámetro entre 3 e 4 mm, son esféricos e sen pigmentación, de cor branca.

A pigmentación nas larvas recentemente eclosionadas é uniforme e pouco marcada, pero ao pasar algúns meses presentan un ton moi escuro, case negro, sobre todo no segundo ano.



Foto: M. Vences (Vences, 2014)

# Outros anfibios presentes na Reserva da Biosfera Terras do Miño

Mostrámosvos outras especies de anfibios que podemos atopar nesta Reserva da Biosfera.

## Ra galaica (*Rana parvipalmata*)



Foto: Álvarez, 2014

## Rela Común (*Hyla molleri*)



Foto: Luis Jiménez  
Asociación Corripa

## Pintafontes verde (*Triturus marmoratus*)




Foto: Luis Jiménez  
Asociación Corripa

# Hábitat

A saramaganta atópase en zonas de clima suave e con precipitacións anuais de máis de 1.000 mm. Vive en hábitats montañosos, con topografía accidentada e en regatos de augas limpas.

Pódense atopar poboacións estables en bosques caducifolios, toxeias, así como en terreos rochosos case sen vexetación. Sen embargo, as mellores poboacións están en hábitats boscosos ben conservados.

Nas zonas máis secas e nos terreos con eucalipto atópase nos propios regatos, alcanzando densidades baixas, mentres que en zonas húmidas onde o bosque é caducifolio, pode atoparse máis lonxe da auga, fóra da época reprodutora.

Prefire microhábitats con presenza de refuxios, abundante humidade e cobertura vexetal onde busca o seu alimento. Víronse individuos adultos e xuvenís activos sobre vexetación de ata 50 cm de altura.

As larvas atópanse en pequenos regatos, en zonas pouco profundas e con corrente.



Foto: Asociación Corripa

# Estado de conservación

En Galicia, a súa poboación está a reducirse e desaparecendo nalgunhas localizacións (Vences, 2014).

## Estado legal e de conservación

Catálogo Español de Especies Amenazadas: Vulnerable


Lista vermella da UICN (Mundial): NT (Case ameazado)

Lista vermella da UICN (España): VU (Vulnerable)

Catálogo Galego de Especies Amenazadas: Vulnerable

Estado de conservación Art. 17. Directiva Hábitats (Rexión Atlántica): U1 (Desfavorable-inadecuado)

## Área de distribución



# Estado de conservación

## Ameazas


Baixo os escenarios climáticos dispoñibles para o século XXI, os modelos proxectan contraccións na distribución potencial actual da especie entre un 30% e un 50% en 2041- 2070 (Araújo *et al.*, 2011)

As principais ameazas que afectan á saramaganta son (Vences, 2014):


- Desaparición do seu hábitat por extracción de auga e contaminación das augas dos ríos




- Habita en pouca densidade pola destrución de puntos concretos de reprodución



- Substitución do bosque atlántico por plantacións de piñeiros e eucaliptos



- Cambio climático e incendios forestais



- A exposición a herbicidas e nitratos non parece ter efectos letais nos ovos, pero a talla das larvas é menor



# Referencias

- Álvarez, D. (2014). Rana bermeja – Rana temporaria. En: Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles. Salvador, A., Martínez-Solano, I. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>
  - Asociación Corripa (2025). Web Asociación Corripa.
  - Araújo, M. B., Guilhaumon, F., Rodrigues Neto, D., Pozo Ortego, I., Gómez Calmaestra, R. (2011). Impactos, vulnerabilidad y adaptación de la biodiversidad española frente al cambio climático. 2. Fauna de vertebrados. Dirección general de medio Natural y Política Forestal. Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino, Madrid. 640 pp.
  - Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (2025). Inventario de especies silvestres: EIDOS. *Chioglossa lusitanica* Bocage, 1864
  - Pleguezuelos J. M., Márquez R. y Lizana M. (eds.) (2002). Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Asociación Herpetologica Española (2ª impresión), Madrid, 587 pp.
  - Vences, M. (2014). *Salamandra rabilarga* – *Chioglossa lusitanica*. En: Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles. Salvador, A., Martínez-Solano, I. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid.
- 
- Xunta de Galicia (2025). Web Reserva da Biosfera Terras do Miño

